



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Terapia Ocupacional para a autonomía persoal en persoas maiores | Código | 653G01310 | |
| Titulación | | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6.5 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Ávila Álvarez, Adriana Ivette | Correo electrónico | adriana.avila.alvarez@udc.es | |
| Profesorado | Ávila Álvarez, Adriana Ivette Nieto Riveiro, Laura Veiga Seijo, Silvia | Correo electrónico | adriana.avila.alvarez@udc.es laura.nieto@udc.es silvia.veiga.seijo@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ten como obxectivo achegar ao alumnado ao proceso de intervención de Terapia Ocupacional nas persoas maiores, proporcionando para iso os principios teóricos e filosóficos que sosteñen e fundamentan a práctica profesional da/o terapeuta ocupacional neste ámbito. Descritor: Fundamentos da promoción da autonomía persoal e valoración da dependencia nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou produtos de apoio. Análise da ocupación en Terapia Ocupacional e a súa utilización terapéutica. Terapia Ocupacional para a integración das persoas maiores. Aplicación da actividade ocupacional. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--------------------------------------|-----------------|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Promocionar a autonomía persoal e participación social do usuario nas diferentes contextos e entornos. En definitiva, coñecementos e capacidades para aplicar á teoría á práctica de Terapia Ocupacional. | A9 A10 | B3 B9 B12 | C7 |
| Manter e mellorar a calidade de vida dos usuarios. | A15 A20 A24 | B36 | C7 |
| Desenvolver coñecemento e capacidade para aplicar as ocupacións terapéuticamente e coñecemento e capacidade para aplicar as Actividades da Vida Diaria terapéuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional. | A6 A9 A11 A13 A14 A23 | B8 B24 | C4 |
| Capacidade para identificar e anticipar situacións de risco no adulto con posibilidade de presentar disfunción ocupacional debido ás condicións contextuais | A20 A29 | B8 B9 B23 | C7 |



| | | | |
|---|--------------------------------------|------------------------------|----|
| Intervir no maior coas patoloxías incidentes nesa etapa vital que ocasionan unha mingua do seu desempeño ocupacional e, polo tanto, da autonomía persoal. | A7 A8 A17 A18 A26 A29 | B3 B8 B9 B12 B24 | C7 |
| Adquirir destrezas na implementación do programa terapéutico personalizado (segundo o usuario, en función da súa historia persoal, da patoloxía que presenta e do período evolutivo desta). E adquirir a capacidade de establecer unha relación terapéutica apropiada aos diferentes momentos do ciclo vital da persoa. | A10 A16 | B4 B8 B12 | C7 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1.- Marco conceptual: Contextualización e razoamento introdutorio desde Terapia Ocupacional ó ciclo vital (Tema transversal do nivel intermedio do Título. Impartido pola Profa. Inés Viana Moldes) | 1.1 Análise das necesidades de saúde e benestar 1.2 Análise das principais ocupacións nas persoas maiores 1.3 Análise dos recursos comunitarios 1.4 Análise dos medios de comunicación e valores |
| Tema 2. Calidade de vida (Tema transversal do nivel intermedio do Título. Impartido pola Profa. Adriana Ávila Álvarez) | 2.1 Aproximación desde Terapia Ocupacional 2.2 Historia de vida |
| Tema 3.- Autores de referencia en Terapia Ocupacional: persoas maiores | 3.1 Comprensión do desenvolvemento teórico 3.2 Análise e reflexión dos contextos históricos e socioculturais |
| Tema 4.-Rede de servizos: recursos existentes (ou por desenvolver) para as persoas maiores | 4.1 Características e enfoques dos diferentes dispositivos 4.2 Lexislación que afecta ó servizo e á súa práctica 4.3 Habilidades, funcións e rol do terapeuta ocupacional 4.4 Relación co equipo interdisciplinar 4.5 Perfil das persoas usuarias. |



Tema 5.- Proceso de Terapia Ocupacional nas persoas maiores: Autonomía persoal e Participación Social
(Tema transversal do nivel intermedio do título.

5.1 Derivación

5.2 Screening e valoración inicial

5.3 Fundamentos teóricos relevantes para Terapia Ocupacional para a Promoción da Autonomía persoal na persoa maior e a súa aplicación:

- Marcos de Referencia Teóricos Primarios.
- Modelos de Práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo de adaptación a través da ocupación, Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional da Asociación Estadounidense de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso, entre outros.
- Articulación co conxunto de técnicas pertinente.
- Ciencia da ocupación.
- Práctica centrada na familia.
- Práctica baseada na evidencia.
- Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde.

5.4 Avaliación ocupacional:

- Perfil ocupacional e análise do desempeño.
- Persoa/s, grupo/s, institución/s e poboación/s.
- Áreas de desempeño ocupacional.
- Avaliación das contornas significativas: domicilio, centro de ocio e tempo libre e demais recursos comunitarios.
- Barreiras e facilitadores do desempeño ocupacional, dos dereitos ocupacionais e saúde e benestar das persoas/grupos/comunidades.
- Ferramentas estandarizadas e non estandarizadas.
- Técnicas cualitativas e cuantitativas.

5.5 Planificación de metas e obxectivos en colaboración coa persoa/s, grupo/s, institución/s e poboación/s e coordinación co equipo interdisciplinar. Metodoloxía SMART/SMORT.

5.6 Planificación e intervención desde Terapia Ocupacional. ---Consenso co/a usuaria/o, familia, profesionais, tendo en consideración as contornas significativas, as características e as prioridades da/o usuaria/o, as situacións de saúde de maior incidencia (por exemplo: enfermidades neurolóxicas e neurodexenerativas, afectacións osteoarticulares, afectacións sensoriais, trastornos mentais, trastornos da conducta alimentaria, trastornos do sono, oncoloxía, enfermidades da pel, dor crónica, e outras) así coma situacións de vulnerabilidade social (pobreza, exclusión, inmigración/desprazamento forzado, violencia machista, entre outras.) que poden impactar negativamente no desempeño ocupacional e/ou producir situacións que comprometan os dereitos ocupacionais das persoas/grupos/comunidades.

- Traballo nas áreas de ocupación empregando a ocupación/actividade significativa en colaboración co/a usuaria/o, grupo/s, poboación/s, familia, profesionais, entre outros.

5.7 Actuación nos factores ambientais que funcionan como facilitadores/barreiras de participación en ocupacións da persoa maior. Produtos de apoio, actitudes, alianzas,



etc.

5.8 Asesoría de terapia ocupacional cos infantes e adolescentes: persoa/s, grupo/s, comunidade/s e demais profesionais, familias, amigas/os e outros.

5.9 Planificación da alta, seguimento e/ou derivación.



| | |
|---|--|
| Tema 6.- Deseño, xestión, planificación e avaliación da Calidade do servizo de Terapia Ocupacional: persoas maiores | 6.1 Dirección de recursos, estudos de custo, administración e coidado dos servizos e equipamentos nos eidos sanitarios e comunitarios (domiciliario, formativo, voluntariado, entre outros) 6.2 Actualización permanente do profesional |
|---|--|

| Planificación | | | | |
|--------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Estudo de casos | A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A16 A18 A20 A23 A24 A26 A29 B3 B4 B8 B9 B24 C4 | 18 | 20 | 38 |
| Prácticas de laboratorio | A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A20 A26 A29 B3 B9 B23 B24 C7 | 40.5 | 18 | 58.5 |
| Proba mixta | A6 A7 A8 A13 A14 A20 A24 B12 B24 C7 C4 | 2 | 10 | 12 |
| Aprendizaxe servizo | A6 A7 A11 A15 A17 C4 | 10 | 10 | 20 |
| Sesión maxistral | A7 A9 A13 A14 A15 A20 A24 A29 B3 B4 B12 B23 B36 C4 C7 | 22 | 10 | 32 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Estudo de casos | Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia. |
| Prácticas de laboratorio | Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións. Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia. |



| | |
|---------------------|---|
| Aprendizaxe servizo | <p>Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p> <p>Actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia.</p> |
| Sesión maxistral | <p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p> |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Estudo de casos Prácticas de laboratorio Aprendizaxe servizo | La atención personalizada se fará, globalmente, mediante tutorías personalizadas directas y virtuales, individuales y grupales. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------|---|---|---------------|
| Estudo de casos | A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A16 A18 A20 A23 A24 A26 A29 B3 B4 B8 B9 B24 C4 | <p>Nesta metodoloxía valorarase tanto o proceso de traballo coma o resultado e a súa presentación (oral e/ou escrita). Por tanto, terase en conta a evolución do alumnado durante o traballo, a xestión da información e interrogantes xurdidos, o traballo en grupo (nos casos que corresponda) así coma a integración das competencias da materia e a reflexión sobre todo o proceso de traballo. En canto o contido valorarase que o caso sexa coherente co proceso de Terapia Ocupacional nun contexto concreto, articulando as especificidades da/s persoa/o / poboación, as súas ocupacións e contornas, é dicir, mantendo o foco no desempeño ocupacional. Para iso, terase en conta a aplicación coherente dos modelos de práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo Persoa Entorno Ocupación, Modelo da adaptación a través da Ocupación, Modelo Australiano de Terapia Ocupacional, Modelo do Déficit Cognitivo, Modelo de habilidades adaptativas ou o Modelo da saúde a través das actividade, entre outros. Finalmente na presentación (oral e/ou escrita) valorarase a argumentación, reflexión e defensa do traballo realizado así coma a capacidade de expresión escrita (erros gramáticos e ortográficos valoraranse negativamente) e/ou oral (comunicación verbal e non verbal dacordo ó foro).</p> <p>A avaliación desta metodoloxía contemplará tamén o traballo realizado polo estudante nas actividades de Aprendizaxe - Servizo</p> | 30 |



| | | | |
|--------------------------|---|--|----|
| Prácticas de laboratorio | A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A20 A26 A29 B3 B9 B23 B24 C7 | Valorarase 1) actitude e a participación: Actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas e co desenvolvemento xeral do laboratorio); participación: (interacción empática, proactiva, analítica e constructiva); Respecto (ós participantes do grupo, docentes e normas de funcionamento do laboratorio); Responsabilidade (consigo mesmo/a e/ou co grupo, tanto na preparación dos traballos realizados durante o laboratorio como no proceso de ensinanza-aprendizaxe). Asemeo, valorarase 2) a memoria do laboratorio: cumprir as instrucións, a presentación (coidado, ortografía, linguaxe) e reflexión (elaboración, integración e crítica de todos os contidos do laboratorio). | 30 |
| Proba mixta | A6 A7 A8 A13 A14 A20 A24 B12 B24 C7 C4 | Se valorará, además de los conocimientos adquiridos, la capacidad de expresión escrita del alumno (evaluando de forma negativa los errores gramaticales y ortográficos), y la integración de conceptos. | 35 |
| Sesión maxistral | A7 A9 A13 A14 A15 A20 A24 A29 B3 B4 B12 B23 B36 C4 C7 | A asistencia será obligatoria e valorarase a capacidade do alumno/a para integrar de forma activa os conceptos teóricos impartidos na clase ó mesmo tempo que demostra, de forma progresiva a integración das competencias da materia. | 5 |

Observacións avaliación

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art.º 5 do Real Decreto 1125/2003 do 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable).

Considerarase como ?Non presentado? (NP) aquel estudante que, estando matriculado nunha materia, non concorre ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o curso académico. En ausencia de regulación específica para cada titulación, considerarase que deberá ser cualificado como ?Non presentado?: a) cando non completase o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou b) cando non se presente á proba do período oficial de avaliación. A consideración de NP non consome convocatoria no número total de convocatorias que o estudante ten por materia.

Con carácter xeral, a avaliación das materias será continua ao longo do curso, sen prexuízo do indicado nas memorias de verificación da titulación. A cualificación final será consecuencia dos resultados globais obtidos en todas as actividades de avaliación. Como norma xeral incluírase unha actividade de avaliación para realizar nas datas establecidas no calendario académico oficial. Esta actividade tamén poderá establecerse como proba global de avaliación dos resultados de aprendizaxe ou, no seu caso, formar parte do proceso de avaliación continua. As guías docentes deberán establecer a ponderación das distintas actividades de avaliación e, no seu caso, da proba global, no marco que o centro puiden establecer.

Se valorará a puntualidade e a asistencia obligatoria a todas as horas presenciales das metodoloxías establecidas na materia.

Para aprobar a materia, o alumno debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e ter superadas cada una das metodoloxías que conforman a asignatura. Ademais, será necesario ter unha calificación mínima de 1.75 (sobre 3.5) puntos na proba mixta, e só se terán en conta para a calificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumna/a acadara dita puntuación na proba mixta. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na proba mixta. As notas obtidas no resto de metodoloxías serán tidas en conta para a súa calificación na segunda oportunidade (xullo), no caso de telas aprobadas e superada a proba mixta.

Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 22/05/2012), cando un estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación do estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa.

Por tanto, a concesión á solicitude de dita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da comisión académica do grao de Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias".

Fontes de información



Bibliografía básica

- Ávila-Álvarez, A. (2012). Valoración de los efectos de la terapia ocupacional sobre algunos trastornos neurológicos: un estudio a través del LOTCA y del Barthel. Universidade da Coruña
- Ávila-Álvarez, A. (2003). Técnicas no farmacológicas en la enfermedad del Alzheimer. *Agathos*, Año 3 (4): 4-10
- Ávila-Álvarez, A., De-Rosende-Celeiro, I., Torres, G., Vizcaíno, M., Peralbo, M., Durán, M. (2018). Promoting functional independence in people with Alzheimer's disease: Outcomes of a home-based occupational therapy intervention in Spain. *Health & Social Care in the Community*, 26 (5) (DOI: 10.1111/hsc.12594)
- Berrueta, L.M., Ojer, M.J., Trébol, A. (2009). Terapia ocupacional en geriatría y gerontología. *TOG (A Coruña)*, 6 (Supl. 4): 215-58
- Carlson, M., Clark, F., Young, B. (1998). Practical contributions of occupational science to the art of successful ageing: How to sculpt a meaningful life in older adulthood. *Journal of Occupational Science*, 5 (3), 107-18 (DOI: 10.1080/14427591.1998.9686438)
- Carracedo-Vázquez, M., Nieto-Riveiro, L., Miranda-Duro, M.C., Groba, B., Pousada, T., Pereira, J. (2017). Estudio fenomenológico sobre la relación entre el envejecimiento activo y la terapia ocupacional en centros de día y residencias de la ciudad de A Coruña. *Revista Chilena de Terapia Ocupacional*, 17 (1): 37-48 (DOI: 10.5354/0719-5346.2017.46376)
- Clark, F. et al (2011). Effectiveness of a lifestyle intervention in promoting the well-being of independently living older people: Results of the Well Elderly 2 Randomised Controlled Trial. *Journal of Epidemiology and Community Health*, 66 (9): 782-90 (DOI: 10.1136/jech.2009.099754)
- Clark, F. et al (2001). Embedding health-promoting changes into the daily lives of independent-living older adults: Long-term follow-up of occupational therapy intervention. *Journal of Gerontology: Psychological Sciences*, 56B (1): P60-P63
- Clark, F. et al (1997). Occupational therapy for independent-living older adults: A randomized controlled trial. *JAMA*, 278 (16): 1321-6 (DOI: 10.1001/jama.1997.03550160041036)
- Corregidor, A.I. (2010). Terapia ocupacional en geriatría y gerontología: Bases conceptuales y aplicaciones prácticas. Sociedad Española de Geriatría y Gerontología
- Durante, P., Pedro, P. (2010). Terapia ocupacional en geriatría: Principios y práctica, 3ª ed. Elsevier Masson
- Gómez, M., Gómez, J. (2013). Evaluación de áreas de intervención desde terapia ocupacional en un centro de mayores mediante el enfoque de envejecimiento activo. *TOG (A Coruña)*, 10 (18)
- Horowitz, B.P., Chang, P.F.J. (2004). Promoting well-being and engagement in life through occupational therapy lifestyle redesign: A pilot study within adult day programs. *Topics in Geriatric Rehabilitation*, 20 (1): 46-48 (DOI: 10.1097/00013614-200401000-00007)
- International Longevity Centre Brazil (ILC-Brazil) (2015). Active ageing: A policy framework in response to the longevity revolution. ILC-Brazil
- Jackson, J., Carlson, M., Zemke, R., Mandel, D., Clark, F. (1998). Occupation in lifestyle redesign: The USC Well Elderly Study Occupational Therapy Program. *Am J Occup Ther*, 52 (5): 326-36 (DOI: 10.5014/ajot.52.5.326)
- Johansson, A., Björklund, A. (2016). The impact of occupational therapy and lifestyle interventions on older persons' health, well-being, and occupational adaptation. *Scan J Occup Ther*, 23 (3): 207-19 (DOI: 10.3109/11038128.2015.1093544)
- Laliberte, D. (2006). Positive aging and its implications for occupational possibilities in later life. *Can J Occup Ther*, 73 (3): 188-92 (DOI: 10.1177/000841740607300305)
- Marante, P. (2015). Intervención no farmacológica a través de la estimulación multisensorial en personas mayores con deterioro cognitivo. Universidade da Coruña
- Matuska, K., Giles-Heinz, A., Flinn, N., Neighbor, M., Bass-Haugen, J. (2003). Outcomes of a pilot occupational therapy wellness program for older adults. *Am J Occup Ther*, 57 (2): 220-4 (DOI: 10.5014/ajot.57.2.220)
- Máximo, N., Pérez de Heredia, M., Gutiérrez, M. (2004). Atención en el hogar de personas mayores. Manual de terapia ocupacional. Ediciones Témpera, S.A.
- Mountain, G.A., Craig, C.L. (2011). The lived experience of redesigning lifestyle post-retirement in the UK. *Occup Ther Int*, 18 (1): 48-58 (DOI: 10.1002/oti.309)
- Nieto-Riveiro, L. (2016). Estudio sobre el impacto de un programa de envejecimiento activo a través de herramientas tecnológicas. Universidade da Coruña

- Olazarán, J. et al (2010). Nonpharmacological therapies in Alzheimer's disease: A systematic review of efficacy. *Dement Geriatr Cogn Disord*, 30: 161-178 (DOI: 10.1159/000316119)
- Ríos, N. et al (2018). Terapia ocupacional en Alzheimer y otras demencias. Federación Alzheimer Galicia (FAGAL)
- Rodríguez-Bailón, M. et al (2016). Seeing, judging and...acting! Improving health perception and meaningful occupational participation in older Spanish adults. *Educational Gerontology* (DOI: 10.1080/03601277.2016.1205384)
- Wilkins, S., Jung, B., Wishart, L., Edwards, M., Gamble, S. (2003). The effectiveness of community-based occupational therapy education and functional training programs for older adults: A critical literature review. *Can J Occup Ther*, 70 (4): 214-25
- World Health Organization (WHO) (2002). Active ageing: A policy framework. WHO
- Zamarreño, P. (2012). Terapia ocupacional y envejecimiento activo. *Agathos*, Año 12 (3): 12-8



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bases Históricas e Documentación en Terapia Ocupacional/653G01108
Ciencias da Ocupación e Fundamentos de Terapia Ocupacional/653G01109
Estancias Prácticas I/653G01110
Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal na Infancia e na Adolescencia/653G01207
Estancias Prácticas II/653G01210
Estancias Prácticas III/653G01211
Rehabilitación no Adulto con Discapacidade Física/653G01302
Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no Adulto con Discapacidade Física/653G01303
Estancias Prácticas IV/653G01304
Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no adulto con Disfunción na Saúde Mental/653G01306
Estancias Prácticas V/653G01307

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Xeriatria/653G01309
Estancias Prácticas VI/653G01311

Materias que continúan o temario

Estudo de casos en Terapia Ocupacional/653G01403
Terapia Ocupacional para la autonomía personal en la Comunidad/653G01406

Observacións

1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2018-2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Na súa maioría, solicitaranse en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2.- A profesora responsable da materia resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos, que serán notificados ao estudantado coa suficiente antelación.3.- Durante o período lectivo da materia, e sen que supoña unha alteración na asistencia do alumnado a outras actividades académicas, poderán programarse seminarios ou obradoiros de carácter optativo para afondar en certos contidos e técnicas moi específicas que complementarán o desenvolvemento da materia.

4.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías